

COMISIÓN DE ACCIÓN SOCIAL ACTA

Data: 15 de outubro de 2019

Hora de inicio/hora de remate: 10:15h / 12:00 h

Lugar: Sala de reunións do edificio Exeria

Membros:

Pola Universidade:

- Raquel María Souto García (Xerenta) (desculpa asistencia)
- José González Groba (Vicexerente)
- Antonia Melón Amor (desculpa asistencia)
- Sonia Pereira das Dores
- Marta Cogolludo Fernández (secretaria)

Polos Comités de Empresa de PAS de Ourense e Pontevedra:

- José Estévez Vázquez
- Carlos Román Lago (non asiste)
- Luís Pérez Gómez

Pola Xunta de PAS:

- Xoan M. Cebro Rodríguez
- Henrique Macías Cambra
- José Manuel Sóñora Abeijón

Pola Xunta de PDI:

- Pedro Pablo Gallego Veigas(substitúe a Generosa Fernández Manín)
- María Montero Muñoz (desculpa asistencia)
- Miguel González Loureiro

Polos Comités de Empresa de PDI de Ourense e Pontevedra:

- Begoña González de Prado
- Javier Lorenzo Paniagua (non asiste)

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da reunión anterior (4/9/2019).
2. Valoración das solicitudes, aprobación de criterios, toma de decisións e incidencias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2018. (Anexo I e II).
3. Presentación informe-resumo acción social 2018; e cadro de masa salarial 2017 e gastos imputados a acción social 2017.
4. Aprobación da convocatoria e solicitude de Axudas Fondo Social 2019 (gastos 2018).
5. Rogos e preguntas.

O Vicexerente da comezo á reunión.

1. Aprobación da acta da reunión anterior (4/9/2019).

O Vicexerente comeza preguntando aos membros da comisión se aproban a acta anterior, sen ningunha modificación, dáse por aprobada a acta.

2. Valoración das solicitudes, aprobación de criterios, toma de decisións e incidencias da convocatoria de Axudas Fondo Social 2018. (Anexo I e II)

A xefa de sección do servizo de retribucións informa que houbo 2 incidencias que foron admitidas, unha de estudos para 2 beneficiari@s e outra para coidado de fill@s para 1 beneficiari@.

3. Presentación informe-resumo acción social 2018; e cadro de masa salarial 2017 e gastos imputados a acción social 2017.

3.1 cadro de masa salarial 2017 e gastos imputados a acción social 2017

Non hai preguntas

3.2 informe-resumo acción social 2018

Miguel González Loureiro pide o número de solicitudes por tramo de renda dentro de cada axuda.

4. Aprobación da convocatoria 2019.

Xan Cebro di que quere aclarar a súa proposta, con respecto aos membros da unidade familiar, a súa proposta coincide cos compañeir@s AGPTU, entenden que sobra o punto 3, se es da unidade familiar pode ser beneficiario sempre.

Entramos nun debate sobre se é procedente facer cambios ou non na convocatoria.

Luis Pérez quere matizar que a parte social foi incapaz de chegar a un acordo de modificación da convocatoria, aquí non é o momento para facelo con reflexión, propón tal e como dixo na reunión de setembro que se mantéña igual e se traballe posteriormente.

Xan Cebro di que outra proposta é que a matrícula para estudos fóra da comunidade galega, que non se teña en conta a renda, que se lle pague toda a matrícula.

Pedro Pablo Gallego fala de convivencia e dependencia económica, que se debería repartir 80% entre a xente que realmente o necesita.

Luis Pérez di que temos un ano para reflexionar e valorar todas as cuestións, non estamos sendo operativos, propón que deixemos así a convocatoria e ademais non estamos lexitimados

Xan Cebro di que xunta pas acepta a proposta AGPTU relativa ao punto 3 da convocatoria que toda a unidade familiar poida ser beneficiaria de axudas, e pregunta para que estamos reunidos.

Luis Pérez, di que non estamos lexitimados para toma de decisións, temos todo isto sen resolver (composición, regulamento e convocatoria), propón deixar a convocatoria tal como está e a partir de aí facer un traballo pola parte social de composición, regulamento e contido da propia convocatoria.

Henrique Macías, di que habería que ver como queda todo, que vimos a tratar as modificacións, pregunta se podemos chegar a algo

Luis Pérez matiza que a súa posición é a mesma que anteriormente (na reunión do mes setembro 2019) que a convocatoria saia así, para non prexudicar aos compañeir@s. Jose Estévez está de acordo.

Xan Cebro, di que xunta pas presenta propostas que en parte coinciden coa proposta de AGPTU como suprimir o punto 3.

O Vicexerente, intervén dicindo que na situación e no momento do ano que estamos, temos dúas opcións: esperar e modificar pero suporía un retraso, ou mantela como está, e calquera cambio facelo con calma para a seguinte convocatoria. Os cambios hai que discutilos e meditalos, e tamén nos falta regulamento e composición da Comisión. Propón a segunda opción, mantela como está e traballar na seguinte.

Pedro Pablo propón facer as modificacións, e non como se propón manter a mesma. Di que estamos a tempo de mellorar non está de acordo en esperar un ano.

O Vicexerente di que non estaba na anterior reunión, e só hai proposta de AGPTU que é un sindicato e non un órgano de representación, e outra da xunta de persoal, agora a comisión está formada por membros de órganos, non de sindicatos.

Miguel González pregunta se a táboa de tramos de renda segue invariable, se non se pode actualizar.

Henrique Macías lamenta que a reunión quedara viciada, propón realizar reunións de traballo.

O Vicexerente di que posto que non hai consenso e polo manifestado polos membros da Comisión, acórdase sacar a convocatoria 2019 tal e como está no borrador (actualizando as datas e a lexislación) e que os membros da Comisión traballen de cara a convocatoria 2020.

5. Rogos e preguntas.

Henrique Macías pide que non se espere un ano para empezar a traballar e solicita tamén traballar na convocatoria de axudas extraordinarias.

Xan Cebro está de acordo con Luis Pérez e co manifestado na acta de outubro 2017 relativo a axudas extraordinarias, no sentido de que non se deberon eliminar mentres non houberse convocatoria, e di que hai que elaborar unha convocatoria propia.

Pedro Pablo Gallego pide sentarse a elaborar todos os asuntos pendentes: regulamento, composición...

O Vicexerente concreta o falado dicindo que a parte social traballará no regulamento e na propia convocatoria 2020 e na de axudas extraordinarias, a Xerencia traballará no tema da composición da Comisión.

E sen máis asuntos que tratar, levántase a reunión ás 12:00 horas.